



Área / Unidad DIRECCION DE ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN DE INTERIOR AD0000 MBLG	Documento AD015I00SA	
Código de verificación  5B22 4E0G 4G6B 254E 1BLQ	Expediente AD0/2021/88	
	Fecha 13-09-2021	

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de setembro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior

Expte. AD0/2021/88

APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DA CORUÑA (PESCC) 2021-2023 E DO PLAN OPERATIVO 2021

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Coruña (PESCC) para o período 2021-2023 que figura como Anexo a este Acordo. Este documento ten carácter programático, non resultando en consecuencia vinculante. A súa efectividade queda condicionada á aprobación do correspondente plan operativo anual e á posterior tramitación e aprobación, mediante os correspondentes expedientes administrativos, de cada liña subvencional nel prevista por cada unha das áreas municipais xestoras, no marco das súas competencias e de acordo á normativa vixente.

Segundo.- A execución do presente Plan, concretado a través dos plans operativos anuais, está condicionado ao cumprimento das regras fiscais e á existencia de dispoñibilidade orzamentaria adecuada e suficiente para cada liña de subvención.

Terceiro.- As consideracións relativas á xestión subvencional incluídas no PESCC, puntos 2, 3 e 4 do apartado 4 teñen natureza de instrución de servizo para ás áreas xestoras, de acordo con previsto no artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local aproba o plan operativo do PESCC correspondente a 2021 que figura como anexo a este Acordo e delega no concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior a aprobación dos sucesivos plans operativos que concretarán cada anualidade orzamentaria, así como



a aprobación das súas modificacións e actualizacións, sen prexuízo da súa comunicación á Comisión Técnica e posterior dación de conta ao Pleno da Corporación no período do PESCC (2021-2023).

Quinto.- Encomendar á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior a coordinación da Mesa técnica de subvencións, a realización das tarefas de elaboración, actualización e seguimento do plan e a elaboración da memoria final de seguimento, debendo así mesmo informar as propostas de actualización, baixa ou incorporación das liñas de subvención propostas polas respectivas áreas xestoras municipais.

Sexto.- Dar conta deste acordo ao Pleno, así como traslado do mesmo á Intervención municipal e ás áreas municipais xestoras das liñas de subvencións do PESCC.

Sétimo.- Publicar o plan unha vez aprobado na Base de Datos Nacional de Subvencións, no BOP e no portal de transparencia da web municipal.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min o secretario xeral do Pleno, D. Manuel José Díaz Sánchez, en desempeño da función do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

Confrontado e conforme, o secretario xeral do Pleno

O concelleiro-secretario